



Convocatoria dos exames da Comisión de Selección do proceso selectivo para a provisión de 2 postos de diversas categorías do cadro de persoal da sociedade mercantil pública autonómica EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), derivados da oferta pública de emprego publicada polo Decreto 209/2022 do 17 de novembro do 17 de novembro, convocado por acordo do 31 de marzo de 2025

De conformidade co establecido na base VIII.1 das que rexen o proceso selectivo, convocado por acordo de 31 de marzo do 2025, a Comisión de Selección,

ACORDA:

1. Convocar as probas de coñecementos para as categorías correspondentes a dita comisión, segundo o calendario que se indica a continuación:

Categoría	Data	Hora	Lugar
Técnico Asesoramento Financeiro (SUPERIOR) (15-TS-AF-EA) (1L)	19/12/2025	9:00h	Asociación Área Empresarial do Tambre Vía Edison, 1 Polígono Industrial do Tambre - Santiago de Compostela Tlf. 981 55 28 50
Técnico de Servizos (MEDIO) (15-TM-AF-ET) (1L)	19/12/2025	11:00h	Asociación Área Empresarial do Tambre Vía Edison, 1 Polígono Industrial do Tambre - Santiago de Compostela Tlf. 981 55 28 50

2. Establecer as seguintes normas no desenvolvemento do exercicio:

As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución, ou outro documento fidedigno que, a xuízo da Comisión de Selección, acredite a súa identidade.

As persoas aspirantes deberán asistir provistas dun lapis nº2





O exercicio realizarase a porta pechada, sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros da Comisión de Selección, e as persoas designadas como colaboradoras.

Queda prohibida a entrada con dispositivos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes, ou calquera outro material ou instrumento do que se poidan valer as persoas aspirantes para a realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles ou outros dispositivos.

O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan, serán excluídas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Sandra Martínez Paz, Xefa Provincial do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Ourense, Consellería do Medio Rural) – Presidenta da Comisión de Selección

Gerardo Rivero Custa, Xefe do Servizo de Seguridade Alimentaria nas Producións Gandeiras, Subdirección Xeral de Gandaría, Consellería do Medio Rural – Secretario da Comisión de Selección

